



XOVES 30 de ABRIL 2020

## NOTA INFORMATIVA PARA O ALUMNADO E FAMILIAS

Bo día,

Seguindo as instrucións do 27 de abril de 2020 da Dirección Xeral de Educación para o desenvolvemento do 3º trimestre e tendo en conta o cronograma da previsión orientativa para o levantamento das limitacións de ámbito nacional, concretamos a continuación información de interese:

### 1.- PREVISIÓN ORIENTATIVA PARA LEVANTAMENTO DAS LIMITACIÓNS DE ÁMBITO NACIONAL EN EDUCACIÓN:

- **FASE 0:** fomentarse a educación on line ou a distancia.
- **FASE I:** os centros educativos abrirán para desinfección, acondicionamento e traballo administrativo e preparatorio dos docentes e persoal auxiliar.
- **FASE II:** con carácter voluntario para o alumnado, os cursos fin de etapa (4º ESO, 2º BAC, 2º FP, ESA II-MÓDULOS 4) poderían comezar coa división dos grupos de máis de 15 estudantes ao 50% para asistencia alterna ou en semigrupos paralelos.

Iremos informando da desescalada no noso centro segundo se vaia concretando na nosa comunidade.

### 2.- CALENDARIO ESCOLAR:

- O trimestre desenvolverase integramente on line (salvo as excepcións reflexadas cando se chegue á FASE II).
- As actividades lectivas rematan o **19 de xuño de 2020**.
- **As probas da ABAU están fixadas para os días 7, 8 e 9 de xullo na convocatoria ordinaria, e antes do 10 de setembro na extraordinaria. Na seguinte ligazón tedes os modelos de exames. [LIGAZÓN MODELOS EXAMES ABAU](#).**
- **Mañá venres 1 e o luns 4 de maio son días non lectivos no noso centro, polo que non habrá contacto co profesorado.**

### 3.- AVALIACIÓN MATERIAS PENDENTES NA ESO E BAC:

- Temos publicado na páxina web do centro o calendario coas probas telemáticas ou a entrega de tarefas para que o alumnado recupere as materias suspensas en cursos anteriores. Consultádeo para saber cómo facer as probas e en qué días. [LIGAZÓN CALENDARIO MATERIAS PENDENTES](#).

Apertas, paciencia e MOITO ÁNIMO!!!

SAÚDOS E SAÚDE!!!